

REUNIÓN DA COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

Día: 07.06.2019 Hora: 10:30

A Comisión 4ª, Educación e Cultura, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 7 de xuño de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas orais ante a Comisión

- 1.1 47695 (10/POC-007567)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción
Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego desde o inicio do curso 2017-2018 referidas á posta en marcha dunha plataforma informática para a elaboración das programacións didácticas de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria e bacharelato para todos os centros docentes da comunidade autónoma, o grao de desenvolvemento actual e prazo previsto para o seu remate
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 446, do 21.03.2019
- 1.2 48646 (10/POC-007718)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre a valoración do Goberno galego respecto da situación na que se atopa o Centro Dramático Galego, as súas razóns para non atender as demandas do sector referidas á garantía da súa función como unidade de produción teatral propia e as súas propostas para o sector das artes escénicas, así como para o futuro do centro
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 458, do 09.04.2019
- 1.3 50131 (10/POC-007909)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca
Sobre os danos causados pola actividade da maquinaria pesada no patrimonio arqueolóxico da comarca dos Ancares e da serra do Xistral, así como as actuacións previstas polo Goberno galego para garantir que non volvan acontecer este tipo de feitos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 481, do 29.05.2019

Punto 2. Proposicións non de lei en Comisión

- 2.1 48740 (10/PNC-003937)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre o inicio pola Xunta de Galicia, en colaboración cos representantes do sector, dun proceso de elaboración dun novo marco legal que dote dunha autonomía real e das ferramentas necesarias o Centro Dramático Galego para o cumprimento do seu papel
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 458, do 09.04.2019

2.2 49078 (10/PNC-003961)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre a elaboración e remisión polo Goberno galego ao Parlamento de Galicia, antes do remate da X lexislatura, do Plan de arquivos previsto na Lei 7/2014, de arquivos e documentos de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 463, do 17.04.2019

2.3 49952 (10/PNC-004041)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a homologación e o recoñecemento como títulos de ciclo medio e superior, con carácter retroactivo, de todos os títulos expedidos ata o momento pola Escola de Canteiros de Poio
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 479, do 22.05.2019

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2019

Antonio Mouriño Villar

Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
Antonio Mouriño Villar	P
Vicepresidenta	
Teresa Egerique Mosquera	P
Secretaria	
Luca Chao Pérez	EM

Vogais

Luis Manuel Álvarez Martínez	S
María Encarnación Amigo Díaz	P
María Ángeles Antón Vilasánchez	P
María de la Concepción Burgo López	S
María de los Ángeles Cuña Bóveda	EM
César Manuel Fernández Gil	P
Carlos Gómez Salgado	P
María Isabel Novo Fariña	P
Olalla Rodil Fernández	BNG

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 07.06.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas orais ante a Comisión

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 07.06.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 47695(10/POC-007567)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego desde o inicio do curso 2017-2018 referidas á posta en marcha dunha plataforma informática para a elaboración das programacións didácticas de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria e bacharelato para todos os centros docentes da comunidade autónoma, o grao de desenvolvemento actual e prazo previsto para o seu remate

Publicación da iniciativa, 446, 21.03.2019



Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

No sesión plenaria celebrada o día 25 de xaneiro de 2017 foi aprobada a Proposición non de lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, sobre a posta en marcha polo Goberno galego dunha plataforma de elaboración das programacións didácticas de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria e bacharelato para todos os centros docentes da comunidade autónoma de Galicia.

Na dita proposición, o texto aprobado establece que “*O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a ampliar ás etapas de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria e bacharelato a liña emprendida pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en formación profesional, poñendo, á maior brevidade posible, un conxunto de instrumentos e ferramentas informáticas, que permitan a elaboración das programacións didácticas acorde co modelo curricular vixente.*”

Con data 10 de marzo de 2017, e dada a transcendencia que este grupo parlamentario considera que ten a cuestión, foi rexistrada unha pregunta (co número de entrada 6425) sobre as accións que tiña iniciado a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para acadar a finalidade prevista no texto aprobado.

Conscientes da dificultade da posta en marcha da dita plataforma, dificultade vinculada en gran medida á toma de decisións sobre o modelo e non ao soporte técnico ou informático preciso, este grupo parlamentario non formulou a pregunta ata a comisión 4ª celebrada o día 1 de xuño de 2017.

Do mesmo xeito, e coa finalidade de coñecer os avances experimentados, o día 5 de marzo de 2018 rexistrouse unha pregunta de idéntico contido que foi formulada na comisión 4ª celebrada o día 3 de maio de 2018.

En ambas comisións, o Sr. director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa informou das reunións mantidas e dos avances experimentados.





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2019 11:07:22
Nº Registro: 47695
Data envío: 13/03/2019 11:07:22.446

Transcorridos máis de dous anos da aprobación en pleno da dita iniciativa, parece necesario coñecer o estado actual dos avances, así como a perspectiva temporal da posta en funcionamento da plataforma en cuestión.

Por iso o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que accións ten desenvolto, desde o inicio do curso 2017/2018, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para acadar a finalidade prevista no texto aprobado?

2ª) Que grao de desenvolvemento se ten acadado ata este momento?

3ª) En que momento considera a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que a plataforma estará plenamente operativa para o seu uso por parte dos centros educativos desta comunidade autónoma?

Pazo do Parlamento, 13 de marzo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 13/03/2019 11:00:48

María de la Concepción Burgo López na data 13/03/2019 11:00:56

CSX_T10_20190313
Validado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/cav/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 07.06.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 48646(10/POC-007718)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da situación na que se atopa o Centro Dramático Galego, as súas razóns para non atender as demandas do sector referidas á garantía da súa función como unidade de produción teatral propia e as súas propostas para o sector das artes escénicas, así como para o futuro do centro

Publicación da iniciativa, 458, 09.04.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 48646
Data envío: 03/04/2019 18:39:48.860

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a situación que atravesamos o Centro Dramático Galego (CDG) e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

Desde hai anos o sector das artes escénicas vén denunciando o esmorecemento do Centro Dramático Galego (CDG).

A redución do número de espectáculos producidos, o escaso orzamento (600.000 euros en 2019), as mudanzas introducidas nos procesos de selección de elencos desde 2016 e os conflitos que isto ten ocasionado ao resultar contraditorio coa natureza artística do propio centro ou a redución das xiras de distribución, son algunhas das críticas que ten suscitado e que foron trasladadas á AGADIC por parte da Asociación de Actrices e Actores de Galiza (AAAG) motivando tamén iniciativas por parte do Grupo parlamentario do BNG na Cámara.

É evidente que o Centro Dramático Galego precisa dunha mudanza para o axustar á realidade e necesidades actuais, dotándoo dunha autonomía real que garanta a súa natureza como centro de produción artística.

Esta situación –como ten trasladado aos grupos parlamentares a AAAG, non é exclusiva do CDG senón que ten lugar tamén noutras institucións públicas semellantes da nosa contorna como é o Instituto Nacional de Artes Escénicas e Musicais (INAEM)

CSV: 4111348280
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 48646
Data envío: 03/04/2019 18:39:48.860

dependente do Goberno español, no que se integran o Centro Dramático Nacional, a Compañía Nacional de Teatro Clásico ou a Compañía Nacional de Danza.

O que non resulta homologábel en ambos os dous casos, é a actitude dos distintos gobernos. Mentres que o Estado español ten impulsado un grupo de traballo para abordar a necesaria reforma do INAEM, a Xunta de Galiza leva anos facendo ouvidos xordos ás demandas e necesidades do sector das artes escénicas, a comezar polo Centro Dramático Galego.

Neste senso, malia transcorrer trinta e cinco anos desde a súa fundación, o CDG non conta a día de hoxe nin sequera cun estatuto propio que defina os seus obxectivos, organización e funcións e adoce dunha burocratización e funcionarización nos seus procedementos que vai en prexuízo da creación e produción artística.

Por todo o exposto anteriormente fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Que valoración fai a Xunta de Galiza da situación na que se atopa o Centro Dramático Galego?

- Por que non quere escoitar a Xunta de Galiza ao sector que vén reclamando mudanzas no CDG para garantir a súa función como unidade de produción teatral pública?

- Ten participado a Xunta de Galiza nas xuntanzas do Consello estatal das Artes Escénicas e da Música no que que abordaron ideas e plans para solucionar dificultades semellantes ás que atinxen as artes escénicas en Galiza?

CSV - M. del Bgmo
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 48646
Data envío: 03/04/2019 18:39:48.860

- De non ser así, por que razón non asistiu?

- Que propostas ten o Goberno galego para o sector das artes escénicas en Galiza? E para o futuro do CDG?

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 03/04/2019 18:36:23

María Montserrat Prado Cores na data 03/04/2019 18:36:28

Ana Pontón Mondelo na data 03/04/2019 18:36:29

CSV - Validado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2019 09:30:00
Nº Registro: 48646
Data envío: 03/04/2019 18:39:48.860

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/04/2019 18:36:31

Noa Presas Bergantiños na data 03/04/2019 18:36:32

Xosé Luis Bará Torres na data 03/04/2019 18:36:34

CSV - Validado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 07.06.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 50131(10/POC-007909)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre os danos causados pola actividade da maquinaria pesada no patrimonio arqueolóxico da comarca dos Ancares e da serra do Xistral, así como as actuacións previstas polo Goberno galego para garantir que non volvan acontecer este tipo de feitos

Publicación da iniciativa, 481, 29.05.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/05/2019 17:34:49
Nº Rexistro: 50131
Data envío: 23/05/2019 17:34:49.779



Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, deputadas do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4.^a**

A Xunta de Galicia non só non é quen de protexer o noso patrimonio cultural, senón que, ademais, é a responsable activa dalgúns importantes prexuízos.

No mes de febreiro, o colectivo Patrimonio dos Ancares denunciou os danos que sufriran nove mámoas que se atopan entre o Alto do Restelo e Louxas. Meses antes, en agosto, o mesmo colectivo xa advertira dos prexuízos causado a unha necrópole megalítica da zona de A Gándara de Espiñeira, na parroquia de Narla. En ambos casos, os danos foran causados pola actividade descontrolada de maquinaria pesada.

Algo semellante volveu acontecer recentemente, co agravante da participación do Goberno galego. A Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (Adega) e Mariña Patrimonio (MP) veñen de denunciar ante o Servizo de Protección da Natureza (Seprona) á Xunta de Galicia por danar un petróglifo de Chao de Sinás, na Serra do Xistral. A Xunta de Galicia danou o petróglifo ao queimar unha zona arqueolóxica, catalogada e, presuntamente, protexida polo Goberno, para desfacerse do mato.

Segundo afirman as asociacións denunciante, nin “o paso dun tractor con desbrozadora de cadeas para controlar o lume” nin a queima contaban “coa preceptiva autorización da Consellería”. Dito doutro xeito, o Goberno galego

CSM-REXISTRO64PSNWIE1
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>





vulnerou os seus propios mecanismos de control e seguridade, provocando un dano tremendo que puido ser evitado.

Que a Xunta de Núñez Feijóo non sexa quen de protexer os bens patrimoniais que se atopan na natureza, tal e como demostran os casos citados, é dunha inmensa gravidade; pero é aínda máis preocupante que sexa o propio Goberno o que, por desleixo, dane o noso patrimonio.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.ª) Como é posible que o propio Goberno galego danase unha zona arqueolóxica catalogada e presuntamente protexida pola propia Xunta?
- 2.ª) Que vai facer o Goberno para garantir que algo semellante non volva acontecer?
- 3.ª) Cantos e cal son os bens patrimoniais que sufriron algún dano durante a presente lexislatura por mor da actividade de maquinaria pesada ou polo efecto das queimas?

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2019.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda
Luca Chao Pérez
Deputadas do G.P. de En Marea.





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/05/2019 17:34:49
Nº Rexistro: 50131
Data envío: 23/05/2019 17:34:49.779



Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 23/05/2019 17:28:28

Luca Chao Pérez na data 23/05/2019 17:28:41

CSX:FEYJSTROX64F5NwE1
Validado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 07.06.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei en Comisión

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 07.06.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 48740(10/PNC-003937)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre o inicio pola Xunta de Galicia, en colaboración cos representantes do sector, dun proceso de elaboración dun novo marco legal que dote dunha autonomía real e das ferramentas necesarias o Centro Dramático Galego para o cumprimento do seu papel

Publicación da iniciativa, 458, 09.04.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2019 16:35:06
Nº Rexistro: 48740
Data envío: 04/04/2019 16:35:06.685

Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada **Concepción Burgo López** e do deputado **Luis Álvarez Martínez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión 4.^a Educación e Cultura**.

Exposición de motivos

O Centro Dramático Galego (CDG), creado fai mais de 30 anos como resposta ás demandas do sector escénico, está sufrindo dende a chegada do PP a Xunta de Galicia un proceso de abandono moi preocupante.

Nos últimos anos os problemas se multiplicaron e están a provocar unha seria inxenuidade en todo o sector pola continua perda de peso dun centro que tiña que ser emblemático para a cultura galega.

A Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG) está a denunciar dende fai anos estes problemas sen atopar unha resposta positiva da Consellería de Cultura ni da Agadic.

Si ben os problemas do CDG, como dixemos antes, se deron desde o principio do goberno do Sr. Feijoo, nos últimos anos se multiplicaron ao decidir Agadic, na tempada de 2016, instaurar un sistema de selección de elencos baseada na libre concorrência e nas leis que rexen a función pública, un marco legal que ten un moi difícil axustarse á realidade do sector escénico e as peculiaridades laborais dos interpretes. Eses desaxustes, e as irregularidades cometidas diante o proceso, levaron a dimisión aos membros do tribunal encargado da selección de actores e actrices para Martes de Carnaval de Valle-Inclán, así como a dimisión do director Tito Asorey. No 2018, en cambio e a pesar de que o director de Agadic afirmaba que non había outra forma de seleccionar os elencos, decidiuse externalizar o proceso de contratación, dramaturxia tradución e interpretación a unha compañía privada, perdendo a Agadic o control da obra, situación que nunca se dera no CDG.

CSM-REXISTROZ719199P
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2019 16:35:06
Nº Registro: 48740
Data envío: 04/04/2019 16:35:06.686

Pero CDG leva tempo sufrindo outros problemas que están a reducir case a nada o seu papel. Ente eles un forte descenso da súa actividade cunha cada vez máis reducida produción propia, que agora é de só unha obra por tempada e con elencos moi reducidos de dez intérpretes. Tampouco se fan coproducións e a distribución resúmese en una pequena xira polas sete cidades galegas. Con todo elo e co forte proceso de burocratización e unha lexislación pouco acorde cas necesidades do sector, o CDG deixou de constituír un impulso para o sector teatral como é a súa obriga e tampouco cumpre a súa labor de levar a cultura teatral en galego a cidadanía, perdendo a súa conexión co público.

A AAAG, xa no 2017, alertou desta situación e solicitou unha mesa sectorial entre a administración e as asociacións profesionais dos sectores para abordar, non só o procedemento de selección de elencos, senón tamén o conxunto dos problemas de funcionamento do CDG e para dar conta dunha reivindicación reiterada nos últimos anos no sector: a refundación da institución pública de teatro, de xeito que conte con unha entidade xurídica propia, uns orzamentos adecuados, e unha independencia que poida encaixar o funcionamento público coas particularidades artísticas e laborais do sector. A Agadic convocou unha mesa de traballo en 2018 pero só para abordar os procesos de selección, negándose a analizar os restantes problemas.

Os problemas de burocratización e de falta de adecuación do marco legal xeral as peculiaridades dos sectores artísticos non afecta tan só ao CDG nin se circunscribe ao marco galego. Outras institucións autonómicas e tamén o Instituto Nacional de Artes Escénicas y Musicales do que dependen o Centro Dramático Nacional e a Compañía de Teatro Clásico entre outros tamén os están a sufrir.

Debido a evidencia dos problemas, o 13 de decembro de 2018 na reunión anual do Consejo Estatal de las Artes Escénicas e de la Música, o ministro de Cultura fixo públicas unha serie de medidas importantes para as artes escénicas motivadas pola necesidade de levar a cabo cambios urxentes das políticas culturais adaptadas aos novos tempos entre as que destaca a elaboración dunha nova lei de funcionamento para o INAEM, porque como dixo o ministro, se non queremos afogar a cultura debemos garantir marcos específicos xa que as dinámicas, necesidades e procedementos dos sectores culturais son diferentes aos doutros sectores.

Sorprendentemente, nesta importante reunión do Consejo Estatal de las Artes Escénicas y de la Música, Galicia non estaba presente nin a través da

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2019 16:35:06
Nº Rexistro: 48740
Data envío: 04/04/2019 16:35:06.686

Consellería de Cultura nin da Agadic. Unha ausencia que cremos debe ser explicada porque os temas tratados interesan a todos, ao igual que as posibles solucións.

Os socialistas cremos que xa é hora de que a Consellería de Cultura adopte as solucións necesarias de acordo co sector para que o CDG teña as ferramentas necesarias para poder cumprir o seu importante papel dentro da cultura do noso país e remate con esta situación de esmorecemento.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a iniciar, en colaboración cos representantes de todos os sectores teatrais, un proceso de elaboración dun novo marco legal que o dote dunha autonomía real e das ferramentas necesarias para romper os desaxustes entre os marcos legais e o normal funcionamento das institución públicas de creación artística, tal como se está a facer a nivel estatal co INAEM.”

Pazo do Parlamento, 04 de abril de 2019

Asdo.: Concepción Burgo López
Luis Manuel Álvarez Martínez
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 04/04/2019 16:32:14

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 04/04/2019 16:32:22

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/04/2019 16:32:28

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 07.06.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 49078(10/PNC-003961)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a elaboración e remisión polo Goberno galego ao Parlamento de Galicia, antes do remate da X lexislatura, do Plan de arquivos previsto na Lei 7/2014, de arquivos e documentos de Galicia

Publicación da iniciativa, 463, 17.04.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2019 17:14:40
Nº Rexistro: 49078
Data envío: 11/04/2019 17:14:40.902

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre a situación dos arquivos en Galiza descrita polo Consello da Cultura Galega no seu último informe e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto, especialmente en materia feminista.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello da Cultura Galega (CCG) publicou o Informe sobre os arquivos públicos de Galiza. Unha perspectiva de xénero e feminista elaborado polas autoras Dolores Pereira, Olimpia López e Mariám Mariño a instancias da Comisión de igualdade da institución.

Nas conclusións do pormenorizado estudo, o CCG fai especial énfase na pervivencia e reprodución de lóxicas androcéntricas e patriarcais que discriminan e invisibilizan as mulleres e a súa contribución á historia do noso país, tamén nos arquivos. Neste senso, o CCG presenta unha visión global e actualizada dos arquivos públicos en Galiza relativa a diferentes aspectos (traxectoria dos arquivos do CCG, características dos arquivos, iniciativas de xénero/feminismo/igualdade, arquivistas, tratamento e uso dos fondos documentais, formación, ferramentas non sexistas da lingua nos arquivos), segundo explican desde a propia institución.

CSM-REXISTROENRHSuv60
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2019 17:14:40
Nº Rexistro: 49078
Data envío: 11/04/2019 17:14:40.902

Nas conclusións do informe as autoras e o Consello da Cultura Galega sinalan que se está a incumprir a lexislación.

Neste senso, sinalan: “agás raras excepcións, representadas fundamentalmente nas web da UDC e da USC, os arquivos públicos en Galiza incumpren a Lei de transparencia no proceso de visibilización das e dos profesionais de arquivos. Non existen ferramentas accesibles que permitan coñecer o número de arquivistas, a súa formación, as prazas que ocupan e moito menos coñecer eses datos desagregados por sexos, e, de existir referencias, con frecuencia están desactualizadas”.

Así mesmo, continúa o estudo, “existen tamén nunha parte considerable dos arquivos analizados importantes carencias derivadas da falta de espazo físico, que bloquea os centros. É preciso que as administracións de que dependen tomen consciencia desta realidade e ofrezan solucións”.

Non é a primeira ocasión en que os problemas estruturais que atinxe aos arquivos galegos é denunciada. Coincidindo co Día internacional dos arquivos, o 9 de xuño de 2018, desde a Asociación Profesional de Arquivistas da Xunta de Galiza reclamaron máis persoal e mellores condicións de traballo, a posta en andamento de máis arquivos, así como máis medios e mellores infraestruturas para os que xa existen.

Cómpre lembrar que desde hai cinco anos Galiza conta cunha lei de arquivos e documentos (7/2014) que nas súas disposicións transitorias fixaba un ano para a aprobación dun plan de arquivos, que debía avaliar as necesidades de persoal e de infraestruturas dos arquivos do Sistema de Arquivos da Xunta de Galiza así como, tres anos para que os arquivos integrantes do Sistema de Arquivos de Galiza se adecuaran aos principios dispostos na devandita lei.

CSX4 REXISTROFRONTEHSUW60
Verificado
<https://seccda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2019 17:14:40
Nº Rexistro: 49078
Data envío: 11/04/2019 17:14:40.902

Porén, isto non ten acontecido. Moito menos, a política da Xunta de Galiza en materia de arquivos e documentos ten introducido a necesaria perspectiva de xénero para erradicar a perspectiva androcéntrica e patriarcal que impera, tamén, neste ámbito.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo parlamentario do BNG formula a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a elaborar e remitir á Cámara antes de finalizar a actual lexislatura o Plan de arquivos previsto na Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galiza. Este plan incluírá, como mínimo, as seguintes cuestións:

a) a avaliación das necesidades de persoal e de infraestruturas dos arquivos do Sistema de Arquivos da Xunta de Galiza.

b) a configuración, organización, integración, servizo e difusión dos arquivos de Galiza, priorizando aquelas accións que sexan máis urxentes.

c) incorporación da perspectiva de xénero de maneira transversal ao longo de todo o plan incluíndo un apartado específico dirixido á erradicación da visión androcéntrica e patriarcal que discrimina e invisibiliza as mulleres e as súas producións, espazos e relacións no Sistema de Arquivos da Xunta de Galiza, a comezar polas ferramentas de búsqueda e difusión do patrimonio documental propio (Galiciana), estatal e internacional (Hispana, PARES, Europea).

d) medidas encamiñadas ao uso non sexista da linguaxe tanto na xestión do material como nas dinámicas de traballo do persoal, de acordo co disposto na Lei 7/2004, galega de igualdade entre mulleres e homes.

CSX4 REXISTRO DE ENVIAMENTOS
Verificación
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2019 17:14:40
Nº Registro: 49078
Data envío: 11/04/2019 17:14:40.902

e) planificación temporal para desenvolver as medidas e compromisos orzamentarios para as implementar.”

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 11/04/2019 17:06:05

María Montserrat Prado Cores na data 11/04/2019 17:06:12

Ana Pontón Mondelo na data 11/04/2019 17:06:13

Xose Luis Rivas Cruz na data 11/04/2019 17:06:15

CSV REGISTRO DE HECHOS
Verificación
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2019 17:14:40
Nº Registro: 49078
Data envío: 11/04/2019 17:14:40.902

Noa Presas Bergantiños na data 11/04/2019 17:06:16

Xosé Luis Bará Torres na data 11/04/2019 17:06:18

CSX: REGISTRO: bEHSuW60
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 07.06.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.3 49952(10/PNC-004041)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a homologación e o recoñecemento como títulos de ciclo medio e superior, con carácter retroactivo, de todos os títulos expedidos ata o momento pola Escola de Canteiros de Poio

Publicación da iniciativa, 479, 22.05.2019



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa das súas deputadas **Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 4.ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Escola de Canteiros de Poio naceu no ano 1979, no mosteiro da localidade. Dependía, na súa orixe, do Ministerio de Cultura, pero, tres anos máis tarde, a Deputación de Pontevedra fíxose cargo dela.

A Escola foi creada para transmitir ás novas xeracións as artes que, durante séculos, deron sona ao noso patrimonio labrado en pedra. A institución imparte 5 anos de formación, tres que habilitan para ser canteiro e dous máis para formar aos mestres canteiros. Cada curso consta de preto de mil horas lectivas.

Para poder levar a cabo a súa fermosa labor, a Escola conta cun orzamento anual de 1 millón de euros.

Malia que o centro dispón dos medios necesarios para ser un centro de referencia nacional e internacional, a realidade é que nestes momentos suma só 11 alumnos. Nos seus mellores tempos, había arredor de 80 estudantes, moitos dos cales remataron traballando na Catedral de Santiago, na Sagrada Familia, no Big Ben, no Capitolio...

A razón de que se producira semellante descenso do alumnado é que, por mor do desleixo insensato da Xunta de Galicia, os títulos da Escola non posúen validez





oficial ningunha. A Asociación de canteiros leva máis dunha década denunciándoo, pero as institucións non souberon estar á altura das súas esixencias.

Isto ten que mudar de inmediato. A Formación Profesional é competencia exclusiva do Goberno da Xunta, polo que lle corresponde a el iniciar os trámites e homologación para que os títulos da Escola de Canteiros de Poio se recoñezan, como corresponde, como títulos de ciclo medio e ciclo superior.

Por todo o dito, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Iniciar os trámites para homologar os títulos da Escola de Canteiros de Poio converténdoo en títulos de ciclo medio e superior.
- Homologar retrospectivamente tódolos títulos expedidos pola Escola de Canteiros ao longo dos seus corenta anos de historia.

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2019.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2019 12:18:30
Nº Rexistro: 49952
Data envío: 16/05/2019 12:18:30.956



Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 16/05/2019 11:38:24

Luca Chao Pérez na data 16/05/2019 11:38:38

Luis Villares Naveira na data 16/05/2019 11:38:54

CSX: REXISTROqPxcZuS17
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>

